

**PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS QUE REXEN O PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO QUE TEN POR OBXECTO O SERVIZO INTERGRAL DE RECOLLIDA E CUSTODIA DE ANIMAIS DOMÉSTICOS DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS (EXP.009-SERV15-ter-).**

**1.- OBXECTO DO CONTRATO.**

O obxecto do presente contrato é a adxudicación da prestación do servizo integral de recollida e aloxamento de animais domésticos abandonados dentro do termo municipal do Concello de Monforte de Lemos.

**2.- CONTIDO TÉCNICO DO CONTRATO.**

O licitador terá que presentar un proxecto de actuación sobre a prestación do servizo que inclúa a recollida e/ou captura, traslado a un núcleo zoolóxico ou centro autorizado para tal fin, atención veterinaria, depósito e custodia, así como outros servizos que se dispensen aos animais abandonados segundo a normativa vixente.

As características para a prestación deste servizo son as seguintes:

- O servizo de recollida de animais municipal responsabilizarase da recollida de calquera animal doméstico de compañía (gato, perro...) abandonado ou daqueles que se encontren na vía pública sen control dos seus propietarios no termo municipal de Monforte de Lemos.
- Se o solicitase o Concello de Monforte de Lemos e xuntamente coa Policía Municipal, a empresa adxudicataria acudiría a aquela zona que puidera resultar problemática como consecuencia de animais soltos que puideran causar perigo para a poboación.
- O servizo de retirada dos cans que se atopen vagando polas rúas do Concello farase periodicamente, no lugar indicado desde o Servizo de Medio Ambiente non transcorrendo máis de 24 horas desde o aviso.

Os domingos ou días festivos intervirá soamente en casos de extrema urxencia, entendéndose por tales aqueles animais que se encuentre malferidos ou representen un perigo potencial para persoas, bens ou outros animais.

En todo caso, a empresa adxudicataria atenderá soamente os avisos procedentes da Concellería de Medio Ambiente ou da Policía Local.

- Por cada aviso atendido elaborárase un parte de traballo no que se especificarán, cando menos, hora de recepción do aviso, hora de chegada ao lugar requirido, tipo de intervención realizada, características do animal implicado e tipo de solución dada a incidencia, parte que se comunicará ao Concello dentro dos cinco días hábiles seguintes para que poda levar a cabo a oportuna labor de comprobación.

Igualmente elaborárase un informe resumen anual de todos estes partes de traballo, informe no cal aparecerán todas as incidencia dos animais recollidos.

Nas operacións de recollida, traslado e mantemento dos animais recollidos observaranse todas as garantías que establecen as leis e a normativa vixente reguladora da materia.

- A prestación do servizo realizarase no termo municipal de Monforte de Lemos.

**3.- CONTIDO TÉCNICO DO SERVIZO DE RECOLLIDA E CUSTODIA DE ANIMAIS.**

O alcance do servizo que se prestara polo adxudicatario será o seguinte:

- Recollida e captura de animais domésticos de compañía abandonados na vía pública e/ou no termo municipal de Monforte de Lemos, utilizando persoal cualificado no manexo e coidado dos mesmos e en métodos de captura, cando sexa necesario.
- Traslado dos animais nun vehículo autorizado e sinalizado especificamente, que cumpra os requisitos establecidos pola normativa vixente en canto a deseño e capacidade para garantir as condicións de saúde dos animais durante o traslado.
- Control e asistencia sanitaria do estado de saúde dos animais por veterinarios cualificados que realizarán probas de diagnose, aplicación de tratamentos preventivos e curativos e o sacrificio por métodos eutanásicos autorizados pola normativa vixente cando sexa necesario. Así como o tratamento de enfermidades contaxiosas e o illamento, se procede, de animais en espazos separados e axeitados durante o período pertinente.

- Mantemento e custodia dos animais en instalacións que reúnan as condicións hixiénico-sanitarias axeitadas para garantir a saúde e o benestar dos animais, e que figuren inscritas no correspondente Rexistro autonómico esixido segundo a normativa reguladora da materia.
- Cumprir as normas de retención establecidas na Lei 1/993 para animais abandonados, ou animais con dono, asegurando que se preste aloxamento temporal ou permanente axeitado e os coidados necesarios para garantir a saúde e benestar dos animais.
- Cando a empresa prestadora do servizo recolla un animal cuxo propietario sexa identificable ou localizable, a empresa comunicará ao propietario o hallazgo do animal e acordará co mesmo o momento de recollida, previo pagamento do prezo estipulado.
- Cando un propietario faga entrega dun animal, cuxa finalidade sexa a cesión definitiva do mesmo aplicaráselle o prezo correspondente.
- Cando un propietario pretenda entregar un animal sen ser portador de identificación mediante microchip, previamente a súa recepción, incorporaráselle, rexistrando ao seu nome o animal e procedendo a continuación a súa recepción. Serán de aplicación os prezos polos servizos veterinarios correspondentes.
- O adxudicatario aportará números de teléfono fixo e móbil ou outros sistemas de comunicación que estarán operativos as 24 horas do día, co fin de estar en contacto permanente.
- A empresa adxudicataria colaborará e prestará asesoramento en cantas campañas de sensibilización...pretende o Concello de Monforte de Lemos.

#### **4.- PRAZO DE DURACIÓN.**

A duración do contrato será de **TRES (3) ANOS** a partir do día seguinte ó da súa formalización.

A duración do contrato poderá prorrogarse por períodos anuais, até un máximo de UN (1) ano máis (é dicir, 3 anos de duración + posible prórroga de 1 ano = CATRO (4) ANOS de duración total máxima, incluídas as prórrogas).

#### **5.- TIPO DE LICITACIÓN.**

O orzamento máximo de licitación, ascende á cantidade de 6.000,00 euros/anuais, ao que haberá que engadir a cantidade de 1.260,00 euros en concepto de IVE (21%), que deberá soportar a Administración, o que supón un total ascendente de **7.260,00** euros/anuais.

En todo caso, deberase indicar como partida independente o IVE.

#### **6.- CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN.**

O Concello de Monforte de Lemos adxudicará o servizo a proposición economicamente máis vantaxosa avaliándose os seguintes criterios.-

##### CRITERIOS DEPENDENTES DUN XUÍZO DE VALOR.-

- **ELABORACIÓN DUN PROXECTO INTEGRAL DE ORGANIZACIÓN E PRESTACIÓN DO SERVIZO** que deberá reflectir os seguintes extremos.-
  - Estrutura organizativa do servizo, con expresión detallada das labores a realizar, tempos de resposta, o programa de traballo, coordinación cos Técnico de Medio Ambiente do Concello de Monforte de Lemos, destino ou tratamento de cadáveres...
  - Medidas de protección ambiental.
  - Propostas de resolución de problemas en situacións de incerteza ou extrema dificultade.
  - Medidas de benestar animal .

O proxecto incluirá os cadros, gráficos e esquemas necesarios para describir fielmente a natureza do servizo e o seu modo de realización.

CRITERIOS CUANTIFICABLES DE FORMA AUTOMÁTICA.-

- **PREZO DO SERVIZO.**

**7.- RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO.**

O adxudicatario virá obrigado a constituír unha póliza de seguros que cubra a responsabilidade civil, por un importe mínimo de 150.000,00 euros, derivada dos danos e prexuízos que puidera producir como consecuencia da prestación do servizo.

Monforte de Lemos, 15 de decembro de 2015,

Conforme,

O Concelleiro Delegado,

O Técnico de Medio Ambiente,

Ibán Torres Rodríguez.

Juan Carlos Prado Díaz.